

PETRÓGLIFO DE LAXE DOS BOLOS (CALDAS DE REIS)

FICHAS ACTIVIDADES
EDUCACIÓN PRIMARIA



CONCELLO DE
CALDAS DE REIS



A ARTE RUPESTRE

A arte rupestre é unha das principais representacións artísticas da **Prehistoria**.

Os gravados rupestres denomínanse **petróglifos**, son como debuxos nas rochas. Foron realizados entre o **III-I milenio a. C.**

Aparecen sobre todo en rochas graníticas. Para gravalos utilizaban instrumentos de pedra (seixo) cos que marteleaban, raspaban e pulían a rocha para dar forma ás figuras.

Os deseños habituais son combinacións circulares, espirais, labirintos, cervos, pegadas de animais, armas (espadas, puñais), figuras humanas, cruces...

Os petróglifos en Galicia atópanse na súa maioría na franxa máis occidental de Galicia e sobre todo nas Rías Baixas.

O significado dos petróglifos é incerto, pero sabemos que habitualmente delimitan espazos estratéxicos como áreas de pasto e de caza, límites territoriais dos grupos humanos e espazos simbólicos ou rituais (santuarios e sitios de reunións cerimoniais).



LAXE DOS BOLOS



Laxe dos Bolos atópase na parroquia de Saiar, no concello de Caldas de Reis, na ladeira do **Monte Xiabre**.

O nome do petróglifo foi posto pola veciñanza da zona moitos séculos despois de que os gravaran, polo parecido entre algúns dos motivos cos bolos de ovos, que pola Pascua os padriños e madriñas regalaban aos afillados e afilladas.



As comunidades que gravaron o petróglifo de Laxe dos Bolos eran cazadoras, pero tamén campesiñas e gandeiras. Non coñecían a escritura, mais tiñan control do calendario agrícola e das estacións do ano, a partir da observación da lúa, do sol e das estrelas.

Laxe dos Bolos foi lugar de referencia ao longo de moitos séculos e funcionou como un santuario vinculado á observación astronómica, a eventos sociais e a celebracións rituais.

Desde Laxe dos Bolos pode verse a saída do sol no solsticio de verán.



A rocha na que se atopan os gravados mide 35 m de longo por 10 m de ancho.

Os gravados aparecen distribuídos pola práctica totalidade da superficie, estando a maioría na metade inferior da pedra.

Identificáronse un mínimo de **16 deseños distintos**, cando o número máis habitual noutros petróglifos está entre 3 e 5. Hai motivos únicos en Galicia como as liras e outras figuras indeterminadas.

Destacan



Bolos



Mans



Cervos




Círculos



Liras

Esceas
de monta a cabaloPegadas
de pésCoviñas e formas
indeterminadas

Ferraduras



LAXE DOS BOLOS



Sopa de letras

Localiza os motivos de Laxe dos Bolos: *mans, cervos, círculos, liras, monta, pés, coviñas e bolos.*

B	O	L	O	S	A	N	E	D	W	Q	Q	O	U
I	R	G	R	W	A	U	U	U	Q	Y	K	T	L
S	Z	G	Q	L	I	R	A	S	V	O	F	M	Q
R	J	T	Z	R	I	L	E	G	S	B	U	G	P
C	K	M	A	N	S	T	M	M	É	X	U	K	E
N	L	K	J	G	P	F	O	Y	X	V	X	G	U
A	A	M	Y	O	É	V	N	B	C	G	B	O	H
C	I	N	Z	D	S	C	T	J	Í	D	W	C	H
F	N	G	X	B	E	X	A	Z	R	X	B	É	R
C	O	V	I	Ñ	A	S	F	T	C	É	S	R	F
Q	B	J	H	P	H	J	J	W	U	C	J	V	P
C	S	O	B	Y	S	F	J	G	L	J	H	O	T
N	K	N	G	S	W	G	F	J	O	I	O	S	T
F	V	D	F	Q	B	T	V	E	S	L	C	T	Y

O intruso

Un dos motivos de abaixo non aparece no petróglifo de Laxe dos Bolos. Identifícao e rodeáo cun círculo.





Sinala cal é a resposta correcta.

Con que se gravaban os petróglifos?



- Cun instrumento de pedra
- Cunha ferramenta de metal
- Frotando moi forte coas mans

Por que lle chaman Laxe dos Bolos?



- Era un sitio para xogar aos bolos
- Polo parecido cos bolos de Pascua
- Polos abombamentos da pedra

Que instrumento musical aparece gravado en Laxe dos Bolos?



- Tambor
- Frauta
- Lira

Investiga

Moitas das tradicións e festas que se celebraban na Prehistoria aínda perviven hoxe en día. Saberías dicir algunha desas festas?

Con que nome coñecemos a celebración do solsticio de verán? De que data do ano estamos a falar?



Imaxe dende Laxe dos Bolos da saída do sol no solsticio de verán por detrás do Monte Xesteiras.




Investiga

Coñeces algún outro petróglifo galego? Es quen de mencionar dous máis ademais de Laxe dos Bolos?

Debuxa

Aquí tes unha rocha. Grava o teu propio petróglifo.



Revisamos e contamos

Revisa o debuxo do petróglifo da *Páxina 7* e trata de contar o número de veces que aparecen cada un dos motivos da táboa do lado.

Despois marca cales son os que máis che gustan.

Motivo	Número	O meu favorito
		
		
		
		
		
		
		
		



LAXE DOS BOLOS

